



XUNTA DE GALICIA




A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, pon a disposición da mocidade galega os cadernos informativos Abracaxove. Neles recóllense, dunha maneira sinxela e condensada, as moitas medidas que a Xunta de Galicia e outras administracións e entidades galegas están a executar a prol da mocidade. Trátase de informarvos sobre unha serie de accións e recursos nos ámbitos da vivenda e do emprego, de xeito que saibades os medios que existen, quen os xestiona e onde vos podeades dirixir en cada momento.

En **Emprégate** atoparedes información sobre liñas de axuda e recursos para mellorar a empregabilidade da mocidade e para fomentar o seu espírito emprendedor.



Guía de emancipación xove



Guía editada no marco da colaboración entre o Instituto da Xuventude (Injuve) do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade e a nosa Comunidade Autónoma para a promoción da igualdade de oportunidades da mocidade e na que se pode atopar de forma sinxela e práctica,

aqueles recursos de ámbito estatal e autonómico existentes no eido formativo, laboral e de acceso a vivenda para facilitar a súa emancipación.

http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/emancipacionxove_mocidade_galega.pdf

Oficina de Emancipación Xuvenil



En colaboración co Injuve, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado conta cun servizo de orientación, asesoramento e información nos ámbitos do emprego e da vivenda para a mocidade, a través da Oficina de emancipación xuvenil situada en Santiago de Compostela (na sede do Centro Coordinador de Información). Nela poderedes atopar información útil sobre recursos públicos neste ámbito así como participar nas actividades que organiza, dirixidas a facilitar a emancipación da mocidade galega.

Itinerarios de inserción



A Consellería de Traballo e Benestar informa e orienta laboralmente, a través de itinerarios personalizados de inserción profesional, dirixidos a mellorar as posibilidades de ocupación da poboación en xeral e da mocidade en particular.

<http://traballo.xunta.es/>

Servizo público de emprego



O Servizo Público de emprego aplica as políticas activas de Emprego nos ámbitos da orientación laboral e da mellora da capacitación das persoas demandantes e traballadoras, proporcionándolles formación e experiencia profesional, e da intermediación entre ofertas e demandas. Cada ano, este servizo atende a máis de 30.000 beneficiarios/as.

<http://emprego.xunta.es/cmspro/contido>

FORMACIÓN PARA O EMPREGO

Programas mixtos de formación e emprego

PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Formación profesional ocupacional co obxectivo de potenciar a inserción ou reinserción profesional do alumnado traballador tratando de lle dar resposta ás

altas taxas de desemprego de mozos e mozas cun baixo nivel formativo e problemas de inserción laboral e integración social. Este programa forma anualmente a máis de 1000 persoas.

<http://traballo.xunta.es>

FSE desempregados

FSE DESEMPREGADOS



Programación de accións formativas experimentais e complementarias das especialidades do ficheiro do Servizo Público de Emprego Estatal, dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e que permiten aumentar a súa empregabilidade. Grazas a estas accións fórmase cada ano máis de 9000 persoas.

<http://traballo.xunta.es>

FSE ocupados

FSE OCUPADOS



Programación de accións formativas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, para mellorar o seu desempeño profesional. Durante o pasado ano foron 8759 persoas as beneficiarias destas subvencións.

<http://traballo.xunta.es>

Plans de formación intersectoriais e sectoriais

PLANS DE FORMACIÓN INTERSECTORIAIS E SECTORIAIS



Trátase de financiar os plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos, prioritariamente, a persoas traballadoras ocupadas que ofrezan unha formación axustada ás necesidades do

mercado de traballo e que atenda os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, mediante a subscrición de convenios no ámbito autonómico.

<http://traballo.xunta.es>

Cursos de aptitude empresarial agraria



Cursos que buscan facilitar a incorporación á titularidade das explotacións agrarias galegas, co obxectivo de lles das resposta ás necesidades dos profesionais, entidades, asociacións e poboación en xeral relacionada co sector primario. Anualmente cóntase cunha participación de arredor de 200 mozos e mozas.

<http://mediorural.xunta.es>

Centros ocupacionais para persoas con discapacidade

A Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía



Persoal proporciona servizos e atención diurna de tipo ocupacional a persoas con discapacidade maiores de 18 anos, para facilitar o desenvolvemento das súas capacidades e favorecer a súa calidade de vida. Anualmente estes centros contan con aproximadamente 600 usuarios/as.

<http://benestar.xunta.es>

Programa de formación ocupacional para mulleres



Programas de formación profesional para mulleres desempregadas en sectores nos que están subrepresentadas, capacitando a máis de 700 alumnas anualmente para o desempeño profesional, a través da actualización constante da traballadora en función da demanda social.

<http://igualdade.xunta.es/>

Programa de formación profesional de persoas con discapacidade e programa de formación ocupacional dirixido a persoas con discapacidade física gravemente afectadas.



Programas de formación que fomentan a inserción laboral de persoas con especiais dificultades, especialmente mulleres novas con discapacidade, para acadar a igualdade de oportunidades no

eido laboral. Formando anualmente a 285 persoas con discapacidade e 292 persoas con discapacidade gravemente afectadas.

<http://benestar.xunta.es>

APOIO AO EMPREGO POR CONTA ALLEA

Incentivos á contratación por conta allea da mocidade galega



Conxunto de incentivos que se configuran como un instrumento para o acceso e permanencia daqueles grupos de traballadores/as con maiores dificultades, e,

pola súa vez, como una ferramenta para fomentar a estabilidade das novas contratacións e dos cadros de persoal das empresas galegas, coa finalidade de favorecer a creación de máis e mellores empregos para os mozos e mozas de trinta ou menos anos de idade, por parte das empresas. Estes incentivos benefician a 2500 persoas anualmente.

<http://traballo.xunta.es>

Programas de cooperación con entidades locais e con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro



Contratos subvencionados a través do FSE para mellorar a empregabilidade a través da creación de emprego de calidade tanto nas entidades locais e ou-

tras administracións locais, como nas universidades e entidades sen ánimo de lucro. Realízanse máis de 2200 contratos subvencionados ao ano.

<http://traballo.xunta.es>

Axudas para a contratación de xestores en exportación (IG166)



Axudar a incorporar profesionais ao mercado laboral e promover e facilitarles ás empresas galegas a prospección e acceso a novos mercados, poñendo ao seu alcance,

axudas para a contratación de profesionais durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral.

<http://www.igape.es/>



AXUDAS AO EMPREGO AUTÓNOMO

Axudas ao autoemprego empresarial e profesional



O programa configúrase como un instrumento para impulsar o espírito emprendedor mediante o aproveitamento intensivo e a colaboración coas diferentes estruturas que xa existen na Consellería de Traballo e noutros departamentos da Xunta de Galicia. Neste programa, ademais de axudas económicas

que se regulan na correspondente orde anual de convocatoria, para facilitar a materialización do proxecto innovador en empresa, establécense medidas de acompañamento, asesoramento e avaliación técnica.

<http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/direccion-xeral-de-tributos>

Programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo



Accións que a Consellería de Traballo e Benestar leva a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento en materia de economía social, tanto no que respecta ao fomento do emprego e mellora da competitividade coma á promoción das cooperativas, de xeito que redunde en beneficio e mellora do eido económico e socio-laboral da Comunidade Autónoma de Galicia .

<http://www.cooperativasdegalicia.com/>

Programa Emega

Mulleres en Galicia

Axudas para apoiar o emprendedurismo feminino e a consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral.

<http://igualdade.xunta.es/>

Fondo Xes-Innova-Xove

Este fondo está destinado a promover a aparición de novas iniciativas empresariais e a consolidación e desenvolvemento das empresas que están a comezar a súa traxectoria. Esta nova liña de financiamento impúlsase mediante un convenio entre Xesgalicia, sociedade dependente da Consellaría de Economía e Industria, e a Federación de Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE), que se ocupará de localizar proxectos susceptibles de seren apoiados.

<http://economiaeindustria.xunta.es>

RE-emprende



Programa de apoio aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas promovidas

por novos/as emprendedores/as, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013.

<http://www.igape.es/>

RE-imaxina



Facilitar ás Pemes, ás persoas emprendedoras e ás microempresas galegas o financiamento necesario para a posta en marcha dos seus proxectos de investi-

mento, sexa para a creación de novas empresas ou para a mellora da competitividade de negocios ou sociedades xa existentes. É o obxectivo das liñas Peme competitiva, Peme Nova e Microempresas, habilitadas mediante o convenio asinado polo Igape coas sociedades de garantía recíproca de Galicia e as entidades financeiras colaboradoras.

<http://www.igape.es/>

Subvencións a titulares de obradoiros artesanais

D.X. Comercio



Axudas para o fomento e desenvolvemento do sector na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do apoio aos obradoiros artesanais.

Cada ano, máis de 100 titulares de obradoiros artesanais levaron a cabo obras en locais, participaron en programas formativos para a especialización profesional, proxectos de innovación no proceso produtivo ou en feiras profesionais.

<http://economiaeindustria.xunta.es/axudas-dx-comercio>

Creación e expansión de cadeas sucursais, de mellora de establecementos comerciais e a súa imaxe

D.X. Comercio



Axudas para a adecuación física das instalacións e locais comerciais, incluíndo actuacións que contribúan a un consumo eficiente da enerxía,

e á mellora da imaxe comercial. Por outra banda, poténciase a creación, implantación e expansión das cadeas sucursais, así como do comercio retalista do téxtil, calzado e xoierías, nos conxuntos históricos das poboacións, como elementos dinamizadores do sector e do propio contorno urbano no que se asentan. Aproximadamente 300 persoas son beneficiarias destas axudas ao ano.

<http://economiaeindustria.xunta.es/axudas-dx-comercio>

Modernización de comercios situados en zonas rurais da comunidade autónoma de Galicia



Subvencións para a modernización de comercios situados en zonas rurais ao abeiro do Plan Agora Re-comercia (IN218A).

Subvencionaranse, entre outros, a renovación dos vehículos e dos

toldos comerciais, campañas publicitarias na radio, na TV, en prensa, en internet, en bolsas biodegradables e en folletos publicitarios.

<http://economiaeindustria.xunta.es/axudas-dx-comercio>



Axudas á primeira instalación de agricultores mozos e mozas como titulares, cotitulares ou socios/as de explotacións do sector agrario galego



Liña de axudas que inclúe a incorporación de mozos/as titulares de explotación, apoio aos investimentos nas explotacións (especial incidencia na incorporación de novas tecnoloxías e procesos), mobilización produtiva da terra para o avance cara a sistemas produtivos menos dependentes de inputs externos. Durante o ano son case 300 as persoas beneficiarias destas axudas.

<http://mediorural.xunta.es/>

Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos e pequenas comerciantes ou promotores e promotoras de comercios no rural que se adhiran á rede de comercio rural galego.

D.X. Comercio



A Consellería de Economía e Industria, consciente da necesidade de recuperar e dinamizar a economía en xeral e o comercio do medio rural

en particular, está definindo un modelo comercial axeitado á realidade do territorio, dirixido a promover e potenciar os establecementos multiservizo. O obxectivo central é frear a tendencia de peche dos establecementos comerciais no rural, adaptando a oferta ás novas demandas e necesidades do rural e adecuándoos á lexislación vixente.

<http://economiaeindustria.xunta.es/axudas-dx-comercio>

Subvención a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial



Liña de subvencións co obxectivo de fomentar o relevo xeracional dos/as empresarios/as individuais próximos a acadar a idade de xubilación na actividade comercial e a rexeneración

do tecido empresarial comercial, coa dispoñibilidade no mercado de novos locais comerciais. Durante o pasado ano foron 40 as persoas beneficiarias destas axudas.

<http://economiaeindustria.xunta.es/axudas-dx-comercio>

Programa FP-PLUS



Proxecto promovido pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que pretende converter en realidade as ideas innovadoras e empresariais do alumnado de formación profesional. Consta de catro programas:

Idea (premiar as mellores ideas innovadoras ou emprendedoras), Avanza (formación práctica para o funcionamento dunha empresa), Emprende (creación dunha empresa a través dos viveiros dos centros de formación profesional) e Simula (simular o funcionamento dunha empresa na aula). Ao ano participan de media 12.833 mozos e mozas.

<http://www.edu.xunta.es>





galicia

